

ORDENANZA NON FISCAL SOBRE LIMITACIÓN DE PRANTACIONES ARBÓREAS, O SEU APROVEITAMENTO E EXPLOTACIÓN, NO MUNICIPIO DE O PARAMO.-

ARTIGO 1º.-Fundamento e Natureza.-

De Conformidade co establecido no artigo 591 do Código Civil, no Decreto 2661/1967, do 19 de Outubro (BOE de 4 de Novembro de 1967) do Ministerio de Agricultura, e artigos 25, 28 e 49 da Lei 7/1985 do 2 de Abril, reguladora das Bases do Réxime Local, establécese unha ordenanza de carácter non fiscal reguladora das distancias ente prantacións arbóreas e fincas de cultivo, pradeiras, matorrais, monte baixo e monte alto, vivendas e outras edificacións, conduccións de auga e vías públicas municipais, así como polo transporte de madeira derivado da súa explotacións e corta.

ARTIGO 2º.-Distancia das prantacións.-

Con carácter xeral, as prantacións forestais situaranse ás distancias mínimas que segundo as distintas especies se relacionan na colindancia con:

A) Cultivos agrícolas, pradeiras, matorrais, monte baixo e monte alto así como fontes ou manantiais, referentes a aqueles titulares que lles fose outorgada a oportuna concesión de aproveitamento de caudal de auga:

- a) Especies do xénero eucalipto, distancia mínima de 50 metros.
- b) Especies do xénero pino, chopos e todo tipo de coníferas e resinosas, distancia mínima de 15 metros.
- c) Especies de frondosas (robles, castaños, etc.) distancia mínima de 10 metros.
- d) Árbores frutais, distancia mínima de 3 metros.

B) Vivendas, así como outros edificios con actividade ou susceptible de tela:

- a) Especies do xénero eucalipto, pino, chopos e todo tipo de coníferas ou resinosas, distancia mínima de 100 metros.
- b) Especies de frondosas, distancia mínima de 20 metros.
- c) Árbores frutais, distancia mínima de 6 metros.

C) A conduccións de auga: para tódalas especies sinaladas anteriormente, a unha distancia mínima de 3 metros.

ARTIGO 3º.- Distancias a vías públicas municipais.

Tódalas prantacións indicadas no artigo segundo desta Ordenanza situaranse a unha distancia mínima de 4 metros, contados dende a arista exterior da vía pública, entendéndose que a arista exterior é o borde exterior da parte do camiño ou estrada destinada á circulación de vehículos en xeral.

ARTIGO 4º.- Normas sobre colindancia.-

A efectos desta ordenanza, non se considerará rota a colindancia entre as prantacións arbóreas sinaladas no artigo segundo e as fincas de cultivo, prados, vivendas, aínda que existan entre eles vías públicas, cursos de auga (ríos, arrosios, etc.) ou similares, debendo respetarse as distancias sinaladas no devandito artigo segundo.

ARTIGO 5º.- Necesidade de autorización para o transporte de madeira.-

Co fin de garanti-la conservación da rede viaria municipal, será necesario solicitar autorización para o transporte de madeira procedente da tala que se realice nas prantacións existentes neste Municipio; Na solicitude especificarase a situación da finca onde se vai a saca-la madeira cortada, os camiños ou vías públicas por onde se realizará o transporte, as características dos vehículos utilizados, así como os días previstos para devandito transporte, xuntando fotocopia do permiso de corta da administración forestal, cando éste sexa necesario. A autorización municipal para o transporte será obrigatoria e gratuita. Nembargantes, deberá o maderista ingresar na Tesourería Municipal una avinza na cantía que se sinale polo técnico municipal, para responder ós posibles danos e perxuizos na rede viaria.

ARTIGO 6º.- Execución por incumprimento.-

Si fose preciso, ante reiterados incumprimentos e sen prexuízo da adopción doutras medidas oportunas e exercicio das accións legais correspondentes, procederase á execución subsidiaria, segundo o establecido na lexislación do procedemento administrativo.

DISPOSICIÓN DERRADEIRA

A presente ordenanza non entrará en vigor ata que se publique o seu texto íntegro no Boletín Oficial da Provincia de Lugo (BOP) e transcurra o prazo previsto no artigo 70.2 en relación co 65.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, permanecendo en vigor mentras a Corporación Municipal non acorde a súa modificación ou derogación expresa.

Páramo, 15 de Xaneiro de 2002.

O ALCALDE,

DILIGENCIA.-

A presente ordenanza, que consta de seis artigos e unha disposición derradeira, foi aprobada polo Pleno deste Concello, en sesión celebrada o día de de 2001.

En O Páramo, a 16 de Novembro de 2001.

O Alcalde,

O Secretario,